

# Estampas atroces

Beatriz DACOSTA

Escribo para non sentir, para que as engurras da alma semellen letras, para transmitir o que non penso, o que penso, o que non quero pensar, para desamarrarme da terra e nadar nas treboadas sen rede, escribo para desfacerme en auga, lume, vento, para destripicarme, para que os ollos critiquen, para criticarme, para romperme, para ser papel con grallas, borranchos e cabreos, para gozar do aire iodado cando hai sol, para tinxir sorrisos nun universo ás veces gris, ás veces triste, tamén escribo, para ti, para min, para todos, e áinda que o negue, para sentir emocións, emocionarme de lume, para ti, para ninguén, para todos, para construírme describindo cada día, para mentres tes esa paciencia de ler, desescribir.

## HOME CON MULLER

Casa na praia e na cidade, coker, moto, sogra, salón comedor a dúas augas, un neno, cámara de rutinas, director de baleiros, todoterreo artístico, bóla de billar, unha moza case moza, anos límite nun café de camareira con tatuaxe inimiga na cacha esquerda do cu, un cu de dúas bocas sen bicos, de pastas de dentes con torradas, muller algo apática, barriga cervexeira nas catro patas de cama sen gato, televisión con puntos de cruz nos dedos das horas, paos de golf no carnet de adicto, adicto ó chat, ás quenturas das tatuaxes con sabor a café, ó tedio de casa con casas, á falsa adoración de clan, ó desexo de novos corpos solubles e non graxos, coitos con coitas, xardín sen flores nin promesas, furuncho viscoso drenando, caendo, drenando, conforme.

## SALDO

Pintou un cartel no peito e saíu á rúa. As letras encarnadas dicían «saldo». A man da filla dáballe valor, por iso sorría cando os descoñecidos a saudaban con aspecto de despiste ou sorpresa. Coa

chuvia a palabra diluíase na pel pero coa calor volvíase pastosa e encorreada. Todo o tempo ofertándose. O sangue fervíalle, a suor mancábaa, o cartel fusionábase co corazón traspasando o meandro da aorta. As mans tremían mentres os latexos se desbocaban con cada letra: un «s» serpeaba na procura dun porqué, despois un «a» respostáballe con amor e tenrura infantil, por iso na razón aniñou a idea de axustado ó correcto, entón o «l» permitiulle durante uns intres levitar, xusto antes de que o «d» a asaltase no traxecto cunha morea de dúbidas: sería lícito ofrecer a vida a cambio de seguridade? Ela sabíase barata porque estaba disposta a servir con diligencia ata a morte. Ollaba a filla. Valor! Daquela o «o» comezou a abrir os ollos enchoupándoa dun odio irracional que lle envenenou o sangue coa palabra «nada», pero nada mudou a pesar de que os grafemas se amotinaron contra o seu arrítmico peito. Ía calor, despois chuvia, logo un tragar e cuspir algunha que outra bágoa. As letras diluídas no saldo da pel do sal. A man da nena solta. Auga salgada no sorriso. Nada. Saudando.

## SERPE DE CIDADE

Mudou a pel porque era serpe. O seu corpo arrastrábase polos corredores do silencio. Ninguén observaba porque os corredores non son lugares onde habiten serpes. Aprendeu a sentirse segura no medio de todo aquel barullo de cidade, a esquivar o tráfico e a tecer o seu niño para estomballar a súa pel no medio dun sumidoiro. Ninguén observaba porque nos sumidoiros só habitan ratas e ela era serpe de cidade. Áinda existían diferencias por moito que ninguén soubese ver. As ratas sentíronse atraídas por aquel estranxo ser escamoso e descuartizárona con finalidade analítica e poder así constatar a imposible convivencia e a carencia de veneno nas serpes de cidade. Ela seguía arrastrándose polos corredores do silencio cun exceso de confianza. Por suposto: ninguén observaba.

Ninguén escoitou. Alguén aprendeu sobre a morte a mudar de pel.

## PASEOS

Hai quince anos que vivo cos cans. A xente mira e pasa. Eu tamén paso. Os cans agardan un novo día. Ninguén lles dá de comer. Só eu remexo e remexo nos colectores das gaivotas e recollo as desolacións. A xente chía e chía. Eu non como. Son a unha, as dúas, as tres. As mans revolven e revolven. Case non teño dedos de tanto rabuñar o plástico dos colectores. Un exército pacífico de cans crean as defensas da vila. De non ser por min morrerían de abandono. Hai quince. Quince. Quince anos que vivo cos cans. Eles son a miña ilusión. Uns van outros veñen. Nunca estou soa. Agora me siguen máis de trinta e todos comen e comen, e todos andan e andan, enchen as rúas, invaden os arredores da praça. A praça está a morrer. Axiña a xente deixará de vender. Non hai vendas na praça. Algún carnicieiro dáme ósos. Os meus ollos tamén son de óso. Óso que comen os meus cans. Só teño ollos para eles dende que son filla única e hai quince anos que morreron meus pais.

## A MANUMISIÓN

Toda a vida agardando a manumisión. Dende cativo soñei con ter un ceo aberto sobre os ollos, cruzar as montañas que sempre van dar a outras ainda más altas. Toda a vida agardei. Das esperas pousou a neve e os anos foron indo como voos de paxaros migratorios. A manumisión. Agora a palabra parece unha cadea con pouco significado. Non sei xa cá é a miña condea, se o desexo ou o presidio. As miñas mans coñecen cada recuncho desta facenda, cada planta que agroma e cada respiración da casa. O meu dono toda a vida me tratou con relativa bondade e ata me permitiu que parecese que eu gobernaba nas ausencias. Agora o señor asinou uns documentos nos que di que xa son libre. A miña vellez inundouse de ledicia e esa ledicia foi afogándome, afogándome, afogándome. Non sei que facer nin onde exhibir os papeis da miña manumisión, tan claríños, escritos con trazos ológrafos e rubricados con selo lacrado. Pensei en penduralos dalgunha cortiza dunha árbore como os carteis de se busca culpable ofrécese recompensa, pero por máis que busquei nos meus estragados petos non atopei un triste cravo dos meus grillóns e xa as miñas unllas non tiñan forza suficiente para acadar cumes de montañas nin suxeitar o corpo encorreado e vello da liberdade.